



TEXTO DE FRANCISCO PUÑAL
FOTOS DE ROMÁN MONTESINOS

Volvín visitar Lugo, a cidade galega que engaiola por moitas razóns.

Ten ante todo o encanto da súa muralla romana, que este ano celebra o décimo aniversario en que a UNESCO lle outorgou o título de Patrimonio da Humanidade.

Observar este monumento e camiñalo, transpórtanos á época do emperador Augusto, e dos seus desexos de anexionar definitivamente o noroeste da península ibérica ao imperio romano. Construída nun período de 45 anos, entre século III e o IV, a muralla consérvase case íntegra e rodea o centro da cidade, a catedral, o concello e outros edificios de interese. Ela é unha lección de historia, e unha obra arquitectónica de indubidable interese. O conxunto defensivo ten unha lonxitude de máis de dous quilómetros e a anchura dos seus muros é de 4,20 metros, aínda que hai algúns tramos onde alcanza 8 metros.

Imaxinemos como foi a súa construción e canto esforzo houbo que realizar hai tantos séculos.

Sen dúbida, a muralla de Lugo posúe un legado cultural, histórico e arquitectónico que lle dá un valor enfeitizante a esta cidade.

Hai outros factores que me fixeron visitar Lugo. Un deles é a Semana Internacional de Cinema que no 2009 tivo a súa XXXI edición, e que é

unha cita obrigada para os cinéfilos, cada mes de setembro. Este evento constitúe unha oportunidade única para gozar do mellor cinema galego e internacional, sempre con homenaxes a actores da terra, onde o colega Manuel Curiel, como responsable técnico do evento, desenvolve unha exemplar actividade.

E, tratándose de gastronomía, o Mesón do Forno, de Lugo, é o lugar ideal para saborear excelentes pratos galegos e árabes, servidos abundantemente e regados con viños do país. Este sitio, administrado por Suso Carreira, realiza ademais magníficas exposicións de pintura e fotografía, e conta con actuacións de maxia do propio Suso, quen ademais é un caricaturista nato. No Mesón do Forno, coñecín, entre outros artistas, ao lexendario fotógrafo lucense Carlos Varcárcel, quen asistía á inauguración da mostra fotográfica "Onirismos con certa asepsia", de Román Montesinos, de quen son as imaxes que ilustran este artigo.

Varcárcel, quen contará este ano cunha sala permanente da súa obra no Campus Universitario de Lugo, é un personaxe crave da cultura galega, que ao reflectir nas súas imaxes a alma e a vida dos pobos e as súas xentes, convértese nun exemplo de creación artística e honradez intelectual. Del falaremos máis polo miúdo noutro artigo.

Agora que se celebra o ano Xacobeo, Lugo ben vale unha visita.

